

Memoria do Servizo de Prevención de Riscos Laborais 2022





OBXECTIVOS
DE DESENVOLVIMENTO
SOSTIBLE

ÍNDICE

- I. INTRODUCCIÓN
- II. ACTIVIDADES DO SERVIZO DE PREVENCIÓN
 - 1. AVALIACIÓNS DE RISCOS
 - 2. INSPECCIÓN, COMPROBACIÓN E INFORMES
 - 3. INVESTIGACIÓN DE ACCIDENTES
 - 4. FORMACIÓN
 - 5. INFORMACIÓN
 - 6. COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS
 - 7. PLANES DE AUTOPROTECCIÓN
 - 8. VIXILANCIA DA SAÚDE
 - 8.1 Campaña de vacinación antigripal
 - 9. XESTIÓN DE CAIXAS DE URXENCIAS
 - 10. XESTIÓN DE EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL
 - 11. OUTRAS ACTIVIDADES

I. INTRODUCCIÓN

Este documento ten como obxectivo achegar información sobre as accións preventivas do ano 2022.

Elabórase a partir da análise e recompilación de todas as actividades que en materia preventiva realizou e/ou coordinou o Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL) da Universidade de Vigo.

Moitas das actividades que se presentan precisaron para a súa realización da coordinación do servizo de prevención propio (SPP), o servizo de prevención alleo (SPA) “Cualtis S.L.U.” e a Mutua Colaboradora coa Seguridade Social FREMAP.

Non se detallan a atención de consultas formuladas ao SPP, polos/as traballadores/as, demandando asesoramento sobre os riscos e sobre o control efectivo destes.

A Universidade de Vigo atópase actualmente en proceso de aliñamento das súas políticas coa Axenda 2030, orientando a súa estratexia de responsabilidade social cara á consecución dos denominados 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS). As diversas actuacións no eido da Prevención de Riscos Laborais que se presentan nesta memoria, axudan á nosa Universidade no cumprimento do **ODS 8 sobre Traballo decente e crecemento económico**, en particular a **meta 8.8** que busca *protexer os dereitos laborais e promover un entorno de traballo seguro e sen riscos para todos os traballadores*.

II. ACTIVIDADES DO SERVIZO DE PREVENCIÓN

1. AVALIACIÓNS DE RISCOS

A través das avaliacións iniciais de riscos procédese á identificación, con carácter xeral, dos riscos laborais presentes nos postos de traballo para poder eliminalos, ou no caso de non ser isto posible, proceder á súa valoración e á adopción de medidas de prevención e protección necesarias. Inclúense neste apartado estudos hixiénicos, ergonómicos e de seguridade. A realización das avaliacións de riscos require traballo de campo e oficina que é realizado polo Servizo de Prevención Alleo e o Servizo de Prevención Propio da Universidade.

A continuación detállanse as avaliacións realizadas durante o período que abrangue esta memoria.

AVALIACIÓNS INICIAIS DE RISCOS
VIGO
EDIFICIO AS REDEIRAS
EDIFICIO FILOMENA DATO
AVALIACIÓN DE RISCOS PSICOSOCIAIS PERSOAL DA CONSERXERÍA CACTI, CINBIO, ECIMAT
AVALIACIÓN DE RISCOS PARA TRABALLOS NA ANTÁRTIDA
AVALIACIÓN DE RISCOS BIOLÓXICOS NO CINBIO PROXECTO CANCRO DE PÁNCREAS
OURENSE
EDIFICIO MANUEL MARTÍNEZ RISCO
AVALIACIÓN DE RISCOS DO POSTO DE ARQUEÓLOGO NO PROCESO DE SEGUIMENTO ARQUEOLÓXICO NOS TRABALLOS DE ELIMINACIÓN DE ALÓCTONAS EN CASTELO DE MOUROS EN ONS PNMTIAG, DENTRO DA ACTUACIÓN: «CONSERVACIÓN E MELLORA DA DIVERSIDADE NO PNMTIAG CON CARGO AO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILENCIA (PRTR)-FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU 2022-2023-ART. 34 DO REGULAMENTO UE 2021/241 (0142141)«

REVISIÓNS DAS AVALIACIÓNS DE RISCOS
OURENSE
EDIFICIO DE FERRO
VIGO
ACTUALIZACIÓN DA AVALIACIÓN DE RISCOS DO POSTO DE PERSOAL DE CONSERXERÍA CO CACTI-CINBIO
ACTUALIZACIÓN DA AVALIACIÓN DE RISCOS DO POSTO DE PERSOAL INVESTIGADOR ANTELIA NAS INSTALACIÓNS DAS EMPRESAS

2. INSPECCIÓN, COMPROBACIÓN, CONSULTA E INFORME

Neste período emitíronse diversos informes sobre condicións de traballo froito de inspeccións e comprobacións das condicións de seguridade e saúde realizadas polo SPRL, contestacións a diversas consultas e outros informes. Neste apartado non se inclúen os informes de accidente

En total realizáronse 83 informes:

CAMPUS	INSPECCIÓN, COMPROBACIÓN, CONSULTA E INFORME 2022
Ourense	3
Pontevedra	4
Vigo	70
Todos	1
Outros	5
Total	83

INSPECCIÓN, COMPROBACIÓN, CONSULTA E INFORME 2022			
VIGO		OURENSE	
Fac. de CC Económicas e Empresariais	2	E E Aeronáutica e do Espazo	1
Edificio Redeiras	4	Edificio Campus da Auga	1
Edificio Exeria	4	Edificio Xurídico Empresarial	1
CACTI-CINBIO	10		
Edificio Ciencias Experimentais	14	PONTEVEDRA	
Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	4	Fac. de Ciencias Sociais e da Comunicación	1
Edificio Miralles	3	Escola de Enxeñaría Forestal	2
Biblioteca Central	3	Facultade de Belas Artes	1
Edificio Ernestina Otero	1		
ECIMAT	5	TODOS	
Area Benestar, Saúde e Deporte	2	Todos os campus	1
Edificio Filomena Dato	3		
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	4	OUTROS	
Facultade de Filoloxía e Tradución	4	Inspección de traballo	3
Exteriores	1	Asesoría Xurídica	2
Facultade de Comercio	1		
CINTEX	2		
Escola de Enxeñaría Industrial cidade	1		
Escola de Enxeñaría Industrial campus	1		
Fac. de Ciencias Xurídicas e do Traballo	1		

3. INVESTIGACIÓN DE ACCIDENTES

Segundo baixa	2022
Sen baixa	19
Con baixa	8
Total	27

CAMPUS	2022
Pontevedra	3
Vigo	24
Total	27

Segundo lugar	2022
In itinere	8
Lugar de traballo	17
En misión	2
Total	27

COLECTIVO	2022
PAS	21
Investigación	5
PDI	1
Total	27

XÉNERO	2022
Mulleres	20
Homes	7
Total	27

Segundo o Risco	2022
010 Caída de persoas a distinto nivel	3
020 Caída de persoas ao mesmo nivel	7
040 Caída de obxectos en manipulación	1
070 Choques contra obxectos inmóviles	3
090 Golpes / cortes por obxectos ou ferramentas	2
100 Proxección de fragmentos ou partículas	1
130 Sobreesforzos	4
180 Contactos con sustancias cáusticas ou corrosivas	1
230 Atropelos ou golpes con vehículos	5
Total	27

4. FORMACIÓN

En cumprimento da Lei de prevención de riscos laborais, Lei 31/1995 do 8 de novembro, e en concreto do seu artigo 19 “Formación dos traballadores”, o SPRL durante o ano 2022 realizou os cursos en materia de prevención de riscos que a continuación se detallan:

VIGO				
PROGRAMA FORMATIVO SPA				
DIRIXIDO A	CURSOS	Nº EDICIÓNS	HORAS	ASISTENTES
Membros dos Equipos de Primeiros Auxilios, PDI e PAS	Primeiros auxilios	8	4	99
PDI e PAS	Primeiros auxilios con manexo de desfibrilador semiautomático externo (formación práctica)	13	5	100
PDI e PAS	Campaña de prevención de lesións musculoesqueléticas	4	2	25

OURENSE				
PROGRAMA FORMATIVO SPA				
DIRIXIDO A	CURSOS	Nº EDICIÓNS	HORAS	ASISTENTES
Membros dos Equipos de Primeiros Auxilios, PDI e PAS	Primeiros auxilios	4	4	27
PDI e PAS	Primeiros auxilios con manexo de desfibrilador semiautomático externo (formación práctica)	4	5	22
PDI e PAS	Campaña de prevención de lesións musculoesqueléticas	4	2	27

PONTEVEDRA				
PROGRAMA FORMATIVO SPA				
DIRIXIDO A	CURSOS	Nº EDICIÓNS	HORAS	ASISTENTES
Membros dos Equipos de Primeiros Auxilios, PDI e PAS	Primeiros auxilios	4	4	39
PDI e PAS	Primeiros auxilios con manexo de desfibrilador semiautomático externo (formación práctica)	2	5	13
PDI e PAS	Campaña de prevención de lesións musculoesqueléticas	3	2	20

A DISTANCIA				
PROGRAMA FORMATIVO SPA				
DIRIXIDO A	CURSOS	Nº EDICIÓNS	HORAS	ASISTENTES
PDI	Básico prevención riscos laborais	Permanente	50	0
PDI	Curso de riscos xerais no sector docente	3	6	9
PDI/ PAS	Curso PRL en riscos eléctricos	1	6	4
PDI/ PAS	Curso PRL en traballos a bordo de buques	1	6	4

VIDEOCONFERENCIA				
PROGRAMA FORMATIVO SPA				
DIRIXIDO A	CURSOS	Nº EDICIÓNS	HORAS	ASISTENTES
PAS	Curso de prevención de riscos laborais para o persoal de conserxería	1	2,5	114
PDI/ PAS	Riscos asociados á exposición a axentes biolóxicos	1	2	7

5. INFORMACIÓN

INFORMACIÓN
ACTUALIZACIÓN TRÍPTICOS EMERXENCIAS
UNIDADE ADMINISTRATIVA
EDIFICIO POLITÉCNICO
EDIFICIO DE FERRO
EDIFICIO XURÍDICO EMPRESARIAL
BIBLIOTECA CENTRAL DE OURENSE
CITI
DEPORTES OURENSE
EDIFICIO MANUEL MARTÍNEZ RISCO
EDIFICIO CONCEPCIÓN RAMÓN AMAT
EDIFICIO OLGA GALLEGRO DOMÍNGUEZ
CAMPUS DA AUGA
DEPORTES PONTEVEDRA
FACULDADE DE BELAS ARTES
FACULDADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE
ESCOLA DE ENXEÑARÍA FORESATAL
FACULDADE DE CIENCIAS SOCIAIS E DA COMUNICACIÓN
FACULDADE DE FISIOTERAPIA
CASA DAS CAMPÁS
FACULDADE DE CIENCIAS DO MAR E BIOLOXÍA
FACULDADE DE QUÍMICA
EDIFICIO DE CIENCIAS EXPERIMENTAIS
FACULDADE DE FILOLOXÍA E TRADUCIÓN
EDIFICIO DE FUNDICIÓN
FACULDADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPREARIAIS
ESCOLA DE ENXEÑARÍA INDUSTRIAL CAMPUS
ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE TELECOMUNICACIÓN

INFORMACIÓN
ACTUALIZACIÓN TRÍPTICOS EMERXENCIAS
DEPORTES VIGO
EDIFICIO MIRALLES
FACULDADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO
ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE MINAS E ENERXÍA
BIBLIOTECA CENTRAL DE VIGO
EDIFICIO EXERIA
EDIFICIO ERNESTINA OTERO
CACTI-CINBIO (EDIFICIO OLIMPIA VALENCIA)
CINCTEX
ECIMAT
ESCOLA DE ENXEÑARÍA INDUSTRIAL CIDADE
ESCOLA DE ESTUDOS EMPRESARIAIS (FACULDADE DE COMERCIO)
EDIFICIO REDEIRAS
ACTUALIZACIÓN FICHAS DE PREVENCIÓN
FPRL 04-09 ESCADAS (V02)

6. COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS

Nos centros da Universidade de Vigo desenvolven a súa actividade profesional traballadores e traballadoras pertencentes a empresas alleas, atendendo ao mandato da Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, e ao Real decreto 171/2004, é necesario coordinar as actividades de xeito que non xeren riscos para a seguridade e saúde nos centros ou lugares de traballo nos que exista concorrencia de actividades empresariais.

O Servizo de Prevención realiza a coordinación de acordo co procedemento que o propio Servizo elaborou e que foi aprobado en Consello de Goberno no ano 2011, dentro do Plan de Prevención da Universidade de Vigo (PPRL 08 Coordinación de actividades empresariais).

Realizáronse as accións de coordinación que se indican a continuación:

ACTUACIÓNS CON EMPRESAS NOVAS	2022
MANTEMENTO	4
OBRA	22
PROXECTO INVESTIGACION	1
SERVIZO	19
SUBMINISTRO	8
ESTADÍA INVESTIGACIÓN	42
INVESTIGACIÓN	1
Total	97

ACTUACIÓNS CON EMPRESAS XA REXISTRADAS	
Total	244

7. PLANES DE AUTOPROTECCIÓN

A normativa en materia de prevención de riscos laborais, concretamente o artigo 20 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, establece que *o empresario tendo en conta o tamaño e a actividade da empresa, así como a posible presenza de persoas alleas a esta, deberá analizar as posibles situacións de emerxencia e adoptar as medidas necesarias en materia de primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación dos traballadores.*

Para a aplicación das medias adoptadas, o empresario deberá organizar as relacións que sexan necesarias con servizos externos á empresa, en particular en materia de primeiros auxilios, asistencia médica urxente, salvamento e loita contra incendios, de xeito que quede garantida a rapidez e eficacia destas.

PLANES DE EMREXENCIA/PLANES DE AUTOPROTECCIÓN
VIGO
UNIDADE DE TRANSPORTE E DISTRIBUCIÓN
EDIFICIO FILOMENA DATO

REVISIÓNS DOS PLANES DE AUTOPROTECCIÓN
OURENSE
BIBLIOTECA CENTRAL
VIGO
BIBLIOTECA CENTRAL (PROCEDEMENTO ACTUACIÓN CPD)

INSCRIPCIÓN NO REXISTRO PLANES AUTOPROTECCIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA
FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS
ESCOLA DE ENXEÑARÍA FORESTAL
FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO
EDIFICIO DE FERRO
EDIFICIO POLITÉCNICO
ESCOLA DE ENXEÑARÍA INDUSTRIAL CAMPUS
EDIFICIO XURÍDICO-EMPRESARIAL
FACULTADE DE FILOLOXÍA E TRADUCIÓN
FACULTADE DE BELAS ARTES
EDIFICIO DE CIENCIAS EXPERIMENTAIS
ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE MINAS E ENERXÍA
ESTACIÓN DE CIENCIAS MARIÑAS DE TORALLA (ECIMAT)

8. VIXILANCIA DA SAÚDE

A Lei de prevención de riscos laborais, lei 31/1995, e o RD 39/1997, de regulamento dos servizos de prevención, obrigan a que o empresario garanta a todo o seu persoal a vixilancia periódica do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes ao seu posto de traballo.

O RD 39/1997, no seu artigo 37.3, indica que en materia de vixilancia da saúde, a actividade sanitaria deberá abranguer:

- 1º. Unha avaliación da saúde dos traballadores e traballadoras inicial despois da súa incorporación ao traballo ou despois da asignación de tarefas específicas con novos riscos para a saúde.
- 2º. Unha avaliación da saúde dos traballadores e traballadoras que volvan ao traballo tras unha ausencia prolongada por motivos de saúde, coa finalidade de descubrir as súas eventuais orixes profesionais e recomendar unha acción apropiada para protexer aos traballadores e traballadoras.
- 3º. Unha vixilancia da saúde a intervalos periódicos.

Asemade este mesmo artigo do RD 39/1997, determina o contido dos devanditos recoñecementos médicos e os informes derivados.

A Universidade de Vigo ten concertada a actividade de vixilancia da saúde coa entidade «Cualtis S.L.U.» .

O servizo médico, unha vez realizado o exame de saúde comunica ao persoal traballador o resultado por escrito respectando a confidencialidade, á Universidade infórmaa, exclusivamente, en termos de aptitude para o posto de traballo específico e recomendacións para mellorar as condicións de traballo, dende o punto de vista sanitario. O servizo médico, baseándose na avaliación da saúde do persoal traballador, emitirá un criterio de aptitude coincidente cun dos seguintes:

- APTO
- APTO CON RESTRICIÓN S LABORAIS: o persoal traballador pode desenvolver as tarefas fundamentais do seu posto, pero algunha non fundamental non poderá desenvolvela ou so poderá desenvolvela de xeito parcial.

- APTO CON OBSERVACIÓNS: o persoal traballador pode desenvolver o seu traballo pero os datos obtidos no recoñecemento son insuficientes e o servizo médico está á espera de máis información.
- NON APTO:
 - o TEMPORAL: o persoal traballador non pode no momento actual desenvolver as tarefas fundamentais do seu posto de traballo. É unha situación temporal e limitada no tempo.
 - o DEFINITIVO: o persoal traballador non pode desenvolver as tarefas fundamentais do seu posto de traballo e non hai posibilidade de recuperación.
- NON CUALIFICADO/A: o persoal traballador non realizou o recoñecemento médico completo ou non entregou a documentación que lle solicitou o servizo médico.

Dende o Servizo de Prevención Propio coordínanse as actividades de vixilancia da saúde co servizo de prevención alleo CUALTIS.

O Servizo de Prevención Propio recibe o certificado de aptitude correspondente á realización dos recoñecementos médicos periódicos dos tres campus,

Actividades realizadas polo SPRL propio en relación coa vixilancia da saúde:

- Organización dos recoñecementos médicos periódicos e xestión da documentación correspondente.
- Envío de enquisas de vixilancia da saúde unha vez que rematan os recoñecementos médicos periódicos. Recepción destas e obtención de datos.

- Recepción das notificacións das novas incorporacións e traslado ao servizo médico, trala aceptación do persoal traballador.

NOVAS INCORPORACIÓNS			
Campus	Notificado	Autoriza	Non autoriza
OURENSE	12	10	2
VIGO	95	63	32
PONTEVEDRA	16	12	4
TOTAL	123	85 (69%)	38 (31%)

- Recepción das notificacións de situación de embarazo e traslado ao servizo médico. Revisión da avaliación do posto de traballo e se é o caso enviase a xerencia un informe coa proposta das medidas preventivas que se deben adoitar (adaptación, cambio de posto de traballo, ...).

Campus	Notificación	Apta	Limitacións	Non apta
OURENSE				
VIGO	2		2	
PONTEVEDRA				
TOTAL	2		2	

- Non se recibiron notificacións de situación de lactación natural

- Recepción das notificacións de baixas superiores a 60 días, enviadas polo servizo de persoal e traslado ao servizo médico, trala aceptación do persoal traballador.

BAIXAS SUPERIORES A 60 DÍAS					
Campus	Número de baixas	AUTORIZAN RECOÑECIMIENTO			
		SI	NON	NON RESPONDE	OUTROS (nova baixa)
OURENSE	10	3	6	1	
PONTEVEDRA	11	3	5	2	1
VIGO	26	12	8	4	2
TOTAL	47	18	19	7	3

- Recoñecementos médicos.

RECOÑECIMENTOS OURENSE	
CAMPUS AS LAGOAS	
TIPO DE RECOÑECIMIENTO	RECOÑECIMENTOS REALIZADOS
Recoñecemento médico periódico	161
Recoñecemento médico inicial	8
Recoñecemento médico por baixa superior a 60 días	2
Recoñecemento médico por solicitude de adaptación	1
Recoñecemento médico por revisión de aptitude	3
Recoñecemento médico especialmente sensible (máscara COVID)	1
TOTAL	176

RECOÑECEMENTOS PONTEVEDRA	
CAMPUS A XUNQUEIRA	
TIPO DE RECOÑECEMENTO	RECOÑECEMENTOS REALIZADOS
Recoñecemento médico periódico	89
Recoñecemento médico inicial	13
Recoñecementos médicos incompletos	5
Recoñecemento médico por baixa superior a 60 días	3
Recoñecemento médico por revisión de aptitude	1
TOTAL	111

RECOÑECEMENTOS VIGO	
CAMPUS LAGOAS MARCOSENDE	
TIPO DE RECOÑECEMENTO	RECOÑECEMENTOS REALIZADOS
Recoñecemento médico periódico	712
Recoñecemento médico inicial	63
Recoñecementos médicos incompletos	12
Recoñecemento médico por embarazo	2
Recoñecemento médico por baixa superior a 60 días	8
Recoñecemento médico por solicitude de adaptación	4
Recoñecemento médico por revisión de aptitude	11
Recoñecemento médico por campaña na Antártida	3
TOTAL	815

RECOÑECEMENTOS VIGO	
CAMPUS VIGO CIDADE	
TIPO DE RECOÑECEMENTO	RECOÑECEMENTOS REALIZADOS
Recoñecemento médico periódico	66
Recoñecemento médico inicial	9
Recoñecementos médicos incompletos	1
Recoñecemento médico por baixa superior a 60 días	2
Recoñecemento médico por solicitude de adaptación	2
Recoñecemento médico por revisión de aptitude	6
TOTAL	86

RECOÑECEMENTOS NOUTRAS SEDES			
Sede	Recoñecemento médico periódico	Recoñecemento médico inicial	Outros (revisión aptitude)
A CORUÑA	1		
SANTIAGO	2	1	1
TOTAL	3	1	1

- Recepción das cartas de aptitude. No caso de que o persoal traballador sexa “NON APTO”, “APTO CON RESTRICIÓN LABORAIS” ou “APTO CON OBSERVACIÓN” enviase a xerencia un informe coa proposta de adaptación, recomendación ou necesidade de cambio de posto de traballo. Do mesmo xeito comunicaráselle a finalización desa situación.

INFORMES DE APTITUDE 2022	
OURENSE	5
VIGO	24
PONTEVEDRA	2
TOTAL	31

8.1. Campaña de vacinación antigripal

No eido da saúde pública e en consonancia coa vixilancia da saúde, o Servizo de Prevención de Riscos Laborais colabora na “Campaña de vacinación antigripal” organizada anualmente polo SERGAS. Antes do inicio oficial da campaña, publícase o aviso no que se informa ao persoal traballador sobre o prazo para achegar a súa solicitude como interesado/a na administración da vacina. O listado deste persoal é remitido ao servizo médico da vixilancia da saúde que é quen se encarga da petición, recepción, distribución e administración da vacina.

VACINA GRIPE 2022		
Sede	Solicitudes	Vacinas administradas
OURENSE	50	31
PONTEVEDRA	22	8
VIGO CAMPUS	164	118
VIGO CIDADE	16	8
TOTAL	252	165

Nota: A coincidencia no tempo co reforzo da vacina contra a COVID-19 provocou que moitas das solicitudes foran anuladas.

9. XESTIÓN DE CAIXAS DE URXENCIAS

Segundo o Real decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nos lugares de traballo, estes lugares disporán do material para a prestación de primeiros auxilios ao persoal traballador que sufra un accidente de traballo.

Tanto as caixas de urxencias como a dotación de material de urxencias é subministrado á Universidade pola Mutua Colaboradora coa Seguridade Social FREMAP.

O Servizo de Prevención da Universidade recibe o material da MUTUA e encargase de envialo aos servizos ou dependencias que o solicitan segundo o formulario que está recollido no documento rexistro de prevención de riscos laborais “DRPRL-09-03 Solicitud de caixas de primeiros auxilios”.

Durante o período en curso xestionáronse as seguintes peticións de de caixas de urxencias e reposicións de contidos:

CAIXAS DE URXENCIAS E REPOSICIÓNS 2022	
CAIXAS DE URXENCIAS ENTREGADAS	2
REPOSICIÓNS CONTIDOS CAIXAS DE URXENCIAS	29

10. XESTIÓN DE EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

XESTIÓN DE EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL EPIS 2022	
CENTRO/SERVIZO	NÚMERO SOLICITUDES TRAMITADAS
Área de Saúde e Benestar de Vigo	3
Animalario	1
CACTI-CINBIO	2
Edificio de Ciencias Experimentais	6
EE Industrial sede campus	2
Edificio de Ferro	5
Edificio Politécnico	6
Oficina de Medio Ambiente	1
Unidade de Transporte e Distribución	1
TOTAL	27

11. OUTRAS ACTIVIDADES

- Titoría de prácticas de alumnos do “Máster en Prevención de Riscos Laborais”.
- Titoría de dous bolseiros de formación en Unidades e Áreas da Universidade de Vigo.
- Charla informativa aos bolseiros/as de formación en Unidades e Áreas e ao novo alumnado da Facultade de CC do Mar.
- Charla informativa ao alumnado de nova incorporación da Facultade de Ciencias do Mar.
- Charla informativa aos bolseiros/as de colaboración por convenio coa Asociación Síndrome de Down de Ourense (Vicerreitorado de Ourense.)





DESENVOLVEMENTO
SOSTIBLE